

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Personas

*Nomeamento administrativo/a (personas laboral fijo). Estabilización do emprego temporal*

**Expediente núm. 2022/E001/000043**

No procedemento de referencia, relativo á convocatoria para a provisión dunha praza de administrativo/a (personas laboral fijo), o concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos ditou o Decreto núm. 496/2024, do 8 de marzo (2024/G003/000525), que na súa parte dispositiva (o DNI amósase cifrado), que inclúe o pé de recursos, resolve:

“**1. Nomear a Margarita Rivera Piñeiro**, titular do DNI \*\*\*9090\*\*, personas **laboral fijo** do Concello das Pontes de García Rodríguez, coa categoría de **administrativo/a, grupo profesional asimilado ao subgrupo C1**, con contrato a tempo completo.

A aspirante nomeada deberá formalizar o contrato de traballo no prazo máximo dun mes a contar desde o seguinte ao da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

Con ocasión da formalización do novo contrato o concello efectuará os trámites correspondentes en materia de Seguridade Social e nóminas.

**2. Publicar** o anuncio do presente nomeamento no BOP, na sede electrónica do concello e na páxina web da entidade local.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, a persona interesada poderá interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da publicación no BOP do presente nomeamento, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-Administrativo, efectuando a persona demandante a elección que lle permite o artigo 14, regra segunda, da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderá interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida ao demandante polo artigo 14, regra segunda, da meritada LRXCA.

Así mesmo, a persona interesada poderá interpor calquera outro recurso que estime procedente ou conveniente.”

As Pontes de García Rodríguez, 11 de marzo de 2024

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos  
Antonio Alonso Román

2024/1667